

FUNCIÓN INSPECTORA, PLENA ESCOLARIZACIÓN E TRATAMENTO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO SISTEMA EDUCATIVO

*Camilo Ocampo Gómez**
Universidade de Vigo
*Miguel Anxo Santos Rego***
Universidade de Santiago
de Compostela

INTRODUCCIÓN

Asistimos na actualidade a frecuentes manifestacións que son clara expresión dunha certa preocupación polo papel da inspección educativa nun sistema que ha de atender á plena escolarización na súa etapa obrigatoria, que xa é unha realidade, e ó logro de procesos de ensinanza-aprendizaxe adecuados ós intereses, capacidades e personalidade dos alumnos.

Dentro deste contexto, o artigo ten o propósito de comunicar algúns resultados dunha investigación realizada na provincia de Ourense acerca da relación entre a función inspectora en educación, a transformación do sistema educativo e o tratamento pedagóxico da diversidade.

O citado marco relacional, a partir do cal se determina tanto a evolución

que se produciu na función inspectora como os factores que a induciron, permite trazar algunhas liñas de futuro para o exercicio desta función nun sistema onde se demanda para ela unha maior calidade nos procesos e resultados (a meta da calidade total).

Metodoloxicamente fíxose uso dunha combinación de dous tipos de procedementos: *a)* A configuración lóxica dunha parte conceptual con argumentos suxeitos a distintos modos de validación (análise bibliográfica e comparada); *b)* O estudio de datos estatísticos, análise de documentos legais e documentos de arquivo sobre a provincia de Ourense (estudio de caso).

O corpo principal deste artigo estrutúrase en cinco partes:

a) Supostos conceptuais de partida.

* Profesor Asociado de Orientación Educativa.

** Profesor Titular de Teoría e Historia da Educación.

b) Exame das principais actividades da Inspección relacionadas con escolarización obrigatoria, formación e xestión do persoal docente e desenvolvemento dos distintos modelos de organización dos centros.

c) Estudio da evolución da función inspectora e factores condicionantes desta.

d) Atención á diversidade como clave da supervisión actual.

e) Conclusións provisionais.

SUPOSTOS CONCEPTUAIS DE PARTIDA: A FUNCIÓN INSPECTORA NO SISTEMA EDUCATIVO (GALICIA COMO REFERENCIA)

Cando se fala da función inspectora, ou de inspección, no sistema educativo adoita facerse referencia a unha serie de actividades relacionadas, en principio, co control que lles corresponde exercer ós Estados no seu nivel administrativo sobre as institucións educativas (Puelles, 1987).

Nun sentido máis estricto pódese dicir, de acordo con Medina (1986), que se trata de actividades de control administrativo-legal, o mesmo que actividades de tipo técnico-pedagóxico levadas a cabo polas Administracións educativas respecto dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, incluídas as de orientación educativa, que se desenvolven nas unidades operativas de niveis de ensinanza non universitaria do sistema (centros).

Son angueiras que, xeralmente, difiren doutras tarefas inspectoras exercidas polo propio Estado en relación con diversos aspectos do sistema educativo (sanitario, laboral, funcionamento administrativo dos servizos...). Tamén se distinguen daquelas que podan exercerlos titulares e incluso os mesmos órganos de goberno das institucións educativas.

Se tomamos como base as actividades de control administrativo-legal e as de tipo técnico-pedagóxico, na función inspectora educativa inclúese un amplo conxunto de actividades de grande importancia para o sistema e que podemos expresar sinteticamente como asesoramento a un dobre nivel: centros de decisión da Administración e directivos e profesores do nivel operativo.

Á función inspectora vincúlanse, pois, tarefas que gardan relación cos seguintes aspectos:

a) Colaborar na escolarización máis adecuada do alumnado.

b) Cooperar na planificación escolar.

c) Coadxugar ó equipamento dos centros.

d) Contribuír, incluso coa súa propia participación, na realización de programas de formación continuada do profesorado, así como do propio persoal directivo das institucións escolares.

e) Aconsellar e informa-los equipos docentes sobre as condicións favorables para o cambio e a innovación.

Este elenco de actividades representan unha función básica de control propia das Administracións educativas, que comprende, á súa vez, diversas tarefas cun denominador común que é a xestión do sistema.

Trátase, ademais, dunha función xeralmente encomendada a órganos especializados, servicios de inspección ou de supervisión (Martín Rodríguez, 1988), case sempre integrados por docentes que acceden a ela despois de superar un concurso ou oposición convocada para o efecto. En determinados casos existe a posibilidade de exercer a función interinamente, tamén por parte de profesores designados desde as instancias que ostentan a máxima responsabilidade política na Administración educativa.

Os servicios de inspección orgánizanse con criterios administrativos e varían en función dos principios aplicados en cada caso: especialización, internivelaridade, etapas do sistema, ámbito zonal ou sectorial, etc.

Cos seus antecedentes remotos situados no paidónimo grego (Lemus, 1975; Maíllo, 1989), a función inspectora educativa xorde realmente cando os Estados organizan os seus sistemas de educación nacional (De la Orden, 1986). A partir de aí, influída por factores como o desenvolvemento das Administracións educativas, o aumento do coñecemento pedagóxico ou o

mesmo movemento da *accountability*, do rendemento de contas (Santos Rego, 1986), a función experimentou unha clara evolución, nun proceso que se pode delimitar segundo as etapas seguintes: de vixilancia, de orientación pedagóxica e de avaliación e control (Arroyo, 1966; Soler, 1993; Ocampo, 1995). Do mesmo modo cabe indicar distintos modelos de supervisión en función da finalidade de control, medios empregados e características do currículo. Autores como Tanner e Tanner (1987, p. 188) sinalan os seguintes modelos: supervisión como inspección, como produción, clínica e como proceso de desenvolvemento.

O desempeño da función inspectora educativa require múltiples medios, entre os que cabe destacala visita e o informe (ver Wiles, 1967; Lemus, 1975; Nerici, 1975; Fermín, 1980; Gómez Dacal, 1993; Soler, 1991).

As actividades en que se concreta a función inspectora no sistema educativo dos distintos países, así como a posición que ocupan no organigrama das respectivas Administracións educativas os servicios que a desempeñan, ademais de gardar relación coa organización destes, dependen das características que teñan eses sistemas, e é de grande importancia o grao de centralización-descentralización de cada un deles (García Garrido, 1993, 2001; Crespo Liñares, 1996).

No treito que vai de 1967 a 1982, ano das transferencias en materia de educación (Ocampo, 1995), a inspección

educativa na Comunidade Autónoma de Galicia régulase, o mesmo ca no resto do Estado español, por dúas disposicións fundamentais: a) Decreto de 23 de novembro de 1967, de desenvolvemento da Lei 169/1965, de reforma da Ensinanza Primaria, polo que se establecía o regulamento de inspectores de Ensinanza Primaria; e b) Decreto 664, de 22 de marzo de 1973, mediante o cal se desenvolvían os artigos 141, 142 e 143 da Lei Xeral de Educación, Lei 14/1970, artigos que tiñan como eixo a Inspección Técnica de Educación.

En 1986, tendo xa Galicia plenas competencias en educación, e despois de se producir na Inspección o cambio da Lei Orgánica 30/1984 (supresión dos dous corpos de inspectores de Primaria e Secundaria), tivo lugar a promulgación do Decreto 205/1986, regulador das funcións da Inspección Educativa en Galicia. Este decreto estivo vixente ata a publicación, consistentemente coa LODE (1985), a LOXSE (1990) e a Lei 4/1988, do Decreto 135/1993, que supuxo un novo deseño das funcións e a regulación organizativa da Inspección educativa en Galicia (DOG 13.07.1993) (ver Graña, 1998).

A Lei Orgánica 9/1995 de Participación, Avaliación e Goberno dos centros educativos introduciu modificacións de importancia, entre as que cabe destaca-la creación do Corpo de Inspectores de Educación, desenvolvida polo Real Decreto 2193/1995, de normas para o acceso e provisión de prazas neste corpo. Vólvese a unha función inspectora exercida por un corpo concreto

de supervisores educativos. Xustamente por iso xorde a renovación do Decreto de 1993, que se pensara para unha inspección exercida por profesores que superasen un concurso de méritos.

Na actualidade, e de acordo coas bases xurídicas que se acaban de citar, existen na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria catro servizos de inspección (un por provincia e baixo a dirección dos respectivos delegados) con localización orgánica na Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, e baixo a dependencia directa da Subdirección Xeral da Inspección Central.

Estes servizos provinciais de inspección, ó igual que cada inspector nos centros, teñen un conxunto de funcións, entre as que se contan as seguintes: velar polo cumprimento da Lei nos centros, asesorar e orienta-los distintos sectores da comunidade escolar, participar na avaliación do sistema educativo, coordinar centros e servizos educativos, participar na detección de necesidades de formación do profesorado, colaborar cos demais órganos da Administración educativa, e promover a difusión e intercambio de experiencias e innovacións.

A Inspección educativa en Galicia estrutúrase en tres niveis: central, provincial e de sector; e artículase en dúas dimensións, a correspondente ó exercicio da función, normalmente a través da visita e o informe, nunha serie de centros previamente asignados a un inspector (dimensión principal), e a

dos equipos de traballo dedicados a campos específicos de actividade, fundamentalmente de estudio e asesoramento (Lingua Galega, Orientación e Tutoría, Avaliación de centros, Cadros de persoal Docente...). Como é ben sabido, o labor inspector adoita concretarse en plans anuais de actuación.

O plan de inspección actualmente vixente na Comunidade Autónoma de Galicia estableceuse por Resolución do 2 de outubro de 2000. Nese plan inclúense actividades prioritarias relacionadas coa escolarización e o axuste de postos escolares ás necesidades, ademais da supervisión da organización e funcionamento dos centros (incluíndo neste aspecto proxectos e programas), a súa avaliación e o control das medidas de atención á diversidade.

Dada a extensión da función inspectora a procesos de xestión do sistema escolar, que teñen unha importancia capital na adecuación do mesmo sistema ás necesidades de cada momento, convén saber en qué medida a súa intervención constituíu un factor de desenvolvemento significativo.

CARA A UNHA REDE DE CENTROS PARA A PLENA ESCOLARIZACIÓN (6-16 ANOS)

No período 1967-2000, como consecuencia da posta en marcha dentro do sistema educativo español de distintas medidas de política educativa co epicentro situado na plena escolarización (primeiro ata os 14 e logo ata os 16

anos), foron considerables os cambios efectuados na rede de centros.

De modo similar ó ocorrido nas demais provincias, en Ourense pásase dunha rede próxima ás 2000 escolas a outra onde o centro docente, que xa se caracteriza por ter servizos complementarios e un catálogo de postos de traballo, é a unidade operativa máis común (165 centros públicos e 31 de titularidade privada). Os centros monodocentes, que atenden a nenos na etapa de Educación Infantil, non soben da vintena (Xunta de Galicia, 2000a).

Pois ben, avalando unha función diversificada nunha serie de actividades centralmente relacionadas coa xestión do sistema educativo, o estudio realizado confirma o papel fundamental desempeñado pola Inspección de educación na transformación, sen precedentes, levada a cabo.

En efecto, a través de cinco etapas, conséntase a enorme importancia da acción inspectora para a transformación da rede de centros nos que se imparte ensinanza obrigatoria, único modo posible de estende-la educación básica a toda a poboación en idade de realizala. Isto ocorre por vez primeira mercé á aplicación da Lei Xeral de Educación de 1970, que é cando se chega a escolarizar, obrigatoria e gratuitamente, a práctica totalidade da poboación entre 6 e 14-16 anos, dispoñendo centros graduados e con mestres especializados á fronte dunha parte das unidades. Repasemos agora, sen saír da provincia obxecto de estudio, as actividades que caracterizaron as distintas etapas.



Escola no adro dunha igrexa (La ilustración gallega y asturiana, 1888). Atrás quedan as escolas monodocentes, illadas e sen recursos.

ETAPA 1967-1971

a) Elaboración de propostas de creación de escolas estatais graduadas de tipo comarcal.

b) Redacción e tramitación de informes relativos á autorización de centros non estatais para impartir Ensinanza Primaria nas condicións establecidas pola Lei 169/1965 de Reforma desta educación.

c) Realización de estudos, a modo de proxectos, para as futuras escolas estatais comarcais, e que constituirían a rede de centros públicos de EXB da provincia.

ETAPA 1972-1976

a) Formulación de propostas de creación de *Colexios Nacionais* de EXB a fin de permiti-la escolarización en centros graduados da maioría da poboación correspondente ó dito nivel educativo na provincia. Tal medida supoñía a conseguinte supresión de gran número de escolas unitarias e pequenas graduadas.

b) Tramitación de informes para a posta en marcha de 35 centros comarcais e 1 de ámbito local.

c) Información dos expedientes de transformación e clasificación de

centros non estatais nos niveis de EXB e Preescolar (máis de 60 en total).

ETAPA 1977-1982

a) Elaboración de informes e propostas de creación dos Colexios Públicos de EXB necesarios para unha correcta e plena escolarización en Educación Básica, atendendo ás cuestións de transporte escolar e tratando de desmasificar centros comarcais de gran tamaño.

b) Elaboración de propostas que permitisen completa-la composición xurídica e pedagóxica dos centros públicos con unidades de Preescolar e Educación Especial.

c) Tramitación de propostas de creación e apertura (nalgúns casos, reapertura) de escolas monodocentes de Preescolar e primeiros cursos de EXB en lugares de suficiente censo escolar e con locais idóneos para isto.

d) Información das solicitudes de autorización, clasificación e subvención de centros privados de EXB, que tiñan como obxecto facilita-la correspondente proposta por parte da Delegación Provincial ós Servizos Centrais do Ministerio de Educación e Ciencia, instancia á que correspondía a súa aprobación (con criterios pouco esixentes, dito sexa de paso).

ETAPA 1983-1990

a) Tramitación ante a Administración educativa, daquela xa autonómica, das propostas de creación de cen-

tros (uns 13 en total) e dos correspondentes amaños, acentuando, sobre todo, o tema do transporte escolar e os excesos de percorrido. O funcionamento dun centro de Educación Especial de ámbito provincial e un centro de Educación Permanente de Adultos a pleno tempo, xunto á mellora cualitativa da oferta pública na capital, constituíron tamén obxecto de atención preferente.

b) Información dos expedientes de centros privados subvencionados. Estes centros, uns 28 en total, convertéronse en centros concertados (1987) supoñendo, aproximadamente, 285 unidades na provincia.

c) Propostas de modificación, ou habilitación provisional, se é o caso, do número de unidades dos centros públicos.

ETAPA 1991-2000

a) Elaboración de propostas, axustadas ó número de alumnos, dos catálogos de postos de traballo de ciclo inicial e medio, así como das distintas áreas do ciclo superior, nos centros de EXB.

b) Control e supervisión de datos estatísticos anuais enviados polos centros. Con eles, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia elaborou a base de datos que serviu para redactar o Documento Cero para a Planificación da Rede de Centros Públicos de Ensinanza en Galicia (Xunta de Galicia, 1994a e 1994b).

c) Análise do borrador da proposta de Rede de Centros de Ensinanza Obrigatoria realizada polos servicios centrais da Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia (1995-1996).

d) Informes elaborados polos inspectores coordinadores de sector para a Dirección Xeral de Centros co fin de confeccionar a Rede de Ensinanza Obrigatoria de 1996 (1ª versión) (Xunta de Galicia, 1996b).

e) Informes anuais sobre o número e procedencia (social e xeográfica) de alumnos existentes en centros concertados que imparten ensinanza obrigatoria e, nalgún caso, formación profesional) e participación dun membro do servicio de inspección (normalmente o xefe de servicio) na xunta provincial de concertos.

f) Realización de propostas puntuais de cambios nos centros que impartirían ensinanza obrigatoria nalgúnhas vilas cabeceiras de comarca para a segunda versión da rede (1998), que é a actualmente vixente.

g) Propostas de supresións, por carencia de alumnado, case sempre con ocasión de vacante. Este tipo de propostas foron obxecto de análise cos representantes das centrais sindicais.

Pode dicirse, pois, que numerosas e importantes actividades de estudo, información e proposta realizadas pola inspección entre 1967 e 2000, tiveron a súa orixe na necesidade de ter unha rede de centros que permitise escolari-

zar, considerando o principio de proximidade domiciliaria, a totalidade de nenos entre os 6 e os 14 anos, primeiro, e entre os 6 e os 16, despois, sen esquecerlos do tramo 4-6 (Preescolar/Educación Infantil).

PARTICIPACIÓN DA INSPECCIÓN NA FORMACIÓN E XESTIÓN DO PROFESORADO

Podemos afirmar que no subsistema profesorado non se alcanzou o nivel de transformación que experimentou a rede de centros; aquí, lóxicamente, fíxose necesaria unha continua reciclaxe e perfeccionamento, xunto, cando cumpra, a oportuna habilitación (non sempre previa especialización) para o desempeño dos postos de traballo catalogados nos actuais centros, con moita maior complexidade.

Neste subsistema, a Inspección de educación comandou no mesmo período unha importante gama de actividades relacionadas coa selección, formación continuada do profesorado e aínda co que agora chamamos “xestión de recursos humanos”. Trataremos de mostralo a continuación.

SELECCIÓN DO PROFESORADO

a) Participación na valoración do traballo realizado polos alumnos-mestres do Plan do 67 no seu período de prácticas (un curso académico); esta cualificación repercutía de modo moi importante na posibilidade de acceder directamente á escala de Maxisterio.

b) Participación dos membros do Servicio de Inspección nas comisións de avaliación (tribunais de oposicións) para acceso ós Corpos de Profesores de EXB, Mestres e Profesores de Educación Secundaria das distintas especialidades.

c) Elaboración de informes sobre o desenvolvemento da función docente dos profesores funcionarios en prácticas.

d) Participación dos membros do Servicio de Inspección nas comisións de avaliación de mestres e profesores en prácticas.

FORMACIÓN CONTINUADA DO PROFESORADO

a) Planificación, organización, coordinación e dirección (1967-1971) de numerosos Centros de Colaboración Pedagóxica.

b) Colaboración co ICE da Universidade de Santiago de Compostela na planificación, organización, dirección, realización e seguimento duns 170 cursos de perfeccionamento. Con este Instituto universitario realizáronse tamén outras moitas actividades formativas.

c) Planeamento, execución e seguimento doutras actividades de perfeccionamento xeral do profesorado organizadas pola propia Administración educativa, en colaboración con outros organismos oficiais.

d) Colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística na programación, coordinación e, cando cumpra,

dirección de múltiples cursos. Gracias a eles, entre 1983 e 1987, logrouse a capacitación de máis de 750 profesores de EXB en Lingua Galega.

e) Dirección, control e participación na selección de participantes en cursos de especialización (presenciais e a distancia), facendo posible que a Administración puidese outorgar preto de 1300 credenciais de especialistas en diferentes áreas (excepto Lingua Galega) e sectores a profesores de EXB.

f) Participación nos estudos de avaliación de necesidades de formación do profesorado, que terían lugar nos Centros de Formación Continuada do Profesorado (1991-1999).

XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

a) Asesoramento a directivos e profesores dos centros de EXB sobre o procedemento que se seguirá na adscrición ós postos de traballo de ciclo inicial (1º e 2º) e medio (3º, 4º e 5º), e nas áreas do ciclo superior (6º, 7º e 8º).

b) Preparación de cadros de persoal e supervisión do proceso de adscrición de profesores realizado nos centros para as etapas de Infantil, Primaria, segundo ciclo de Secundaria e Postsecundaria en función dos novos catálogos da LOXSE.

c) Adscrición de mestres a postos de traballo, en función da zona educativa, correspondentes ó primeiro ciclo de Secundaria levados a cabo nos anos 1996 e 1999.

d) Información sobre cobertura das vacantes existentes nos centros.

e) Puntuación dos méritos de formación correspondentes ós concursos de traslados.

f) Habilitación do profesorado nas correspondentes materias (1990–2000).

g) Dirección do Servicio de Orientación Escolar e Vocacional, Equipo Multiprofesional e, máis tarde, coa unificación de ambos, dos Equipos Psico-pedagóxicos de Apoio (1977–1998).

h) Coordinación, desde 1998, dos Equipos de Orientación Específicos creados a raíz da promulgación do Decreto 120/1998, regulador da orientación educativa e profesional en Galicia (Sobrado e Ocampo, 2000).

Á vista dos tres grupos de actividade que acabamos de expoñer, pode dicirse que a participación dos inspectores nas cuestións referidas á selección do profesorado, formación continuada e xestión de recursos humanos constituíu unha parte importante do seu traballo.

Nos anos noventa a formación continuada dos profesores experimenta un cambio importante, que afecta, de modo moi importante, á súa relación coa función de supervisión. Neste tempo, os recursos destinados á formación docente incrementáanse de modo considerable e os Centros de Formación Continuada de Profesores, creados para este cometido, asumen esta tarefa. A inspección limitárase ó seguimento

dos grupos de traballo nos propios centros. Desde logo, estará representada na comisión de estudo de necesidades de formación. Dada a considerable autonomía outorgada ós Centros de Formación Continuada, a inspección encargouse de manter unha certa relación entre tales centros e a Delegación Provincial. Desde finais de 1999 estas instancias de formación denomínanse Centros de Formación e Recursos. Sobre esta nova situación non dispoñemos de datos que permitan avanzar outro tipo de análise.

MODELOS ORGANIZATIVOS E SUPERVISIÓN ESCOLAR

O estudo do caso que nos ocupa pon de manifesto que a maioría dos centros sostidos con fondos públicos tiveron que facer fronte, neste período, a unha certa complexidade na súa organización.

Primeiro foi o feito de se converteren en unidades operativas, e da adecuada combinación de recursos, profesorado máis preparado e elementos materiais de mellor calidade, dependía a educación escolar da poboación de párvulos e dos alumnos en idade de escolaridade obrigatoria. Tamén influíu a natural obriga, derivada da Constitución de 1978, de ter que estrutura-lo seu funcionamento conforme ós principios de participación democrática.

Logo influíu a reestructuración da rede, produto do sistema educativo LOXSE, que converteu a maioría dos

colexios de EXB en centros de Primaria e os de BUP e FP en centros de Secundaria, incluíndose aquí a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Dá comezo un novo tipo de institución denominada Centro Público Integrado, ó que compete a escolarización dos nenos de Infantil, Primaria e Secundaria obrigatoria dunha zona ou comarca.

A función directiva adquire en todos estes centros unha grande importancia xa que, a diferenza do que ocorría no ano 67, cando esta función soamente se requiría nalgúns graduados e nos dos colexios nacionais existentes, agora convertíase en algo habitual.

A razón máis plausible sobre a necesidade da función directiva nos centros, independentemente do número de alumnos e profesores, ten que ver cunha esixencia de calidade pedagóxica e a necesidade de impulsalo liderado nos centros, tratando de mobilizar, nun marco de grande autonomía, procesos educativos susceptibles de asegurar bos resultados e aumentar a satisfacción dos destinatarios da educación. Estámonos referindo, polo tanto, á necesidade de liderado en organizacións intelixentes (Lorenzo Delgado, 1998).

As actividades estudadas nesta área de actividade na provincia de Ourense permiten constatar as seguintes intervencións inspectoras:

a) Comprobación, comparación do realmente en funcionamento nos centros co modelo legal vixente en cada

momento (Regulamento de Centros de 1967, Lei Xeral de Educación de 1970, Lei Orgánica do Estatuto de Centros de 1980, Lei Orgánica do Dereito á Educación de 1985 e Lei Orgánica de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Educativos de 1995). Así mesmo, asesoramento, co fin de que a aplicación dos regulamentos fose unha realidade nos centros, resolvendo as consultas, verificando a documentación esixida pola lexislación, e incluíndo, na medida do posible, as ditas cuestións nas actividades de formación continua do profesorado.

b) Elaboración e información de propostas (antes da aplicación da Lei do 70), información das propostas dos claustros (ata 1977), outorgamento de puntuación como resultado dunha valoración (coa aplicación da LOECE, 1980) e elaboración de informes-propostas no caso de falta da designación do consello escolar por ausencia, na maioría dos casos, das oportunas candidaturas (a partir da entrada en vigor da LODE) de profesores para o seu nomeamento como directores dos respectivos centros docentes.

c) Comprobacións iniciais, comparación co establecido, asesoramento e presentación da esixencia legal de cómo proceder no exercicio das funcións de cada un dos órganos de goberno dos centros, tanto unipersoais como colexiados, sen deixar de lado a resolución de conflitos presentados no propio exercicio da función directiva en centros con equipos humanos a miúdo máis numerosos e complexos.

d) Elaboración de informes-propostas de creación de unidades de dirección con función docente naqueles centros onde era posible facelo.

e) Realización de informes previos á obtención da acreditación para a función directiva (preceptiva desde a promulgación da LOPEGCE en 1995).

f) Avaliación de centros, en plan experimental primeiro (1980–1981), e no curso seguinte como unha nova actividade inspectora. Realizouse mediante a aplicación dunha escala elaborada para o efecto no Ministerio de Educación. En realidade, tratouse dunha aproximación á avaliación de centros dentro do plan de actividades da inspección. Coa transferencia de competencias educativas á Comunidade Autónoma de Galicia foi interrompida e non se retomou ata comeza-la aplicación do Plan de Avaliación de Centros, ACE, no curso 1996–1997 (Xunta de Galicia, 1996a).

A inspección ten que aplicar este plan de acordo cunha serie de fases: toma de datos, análise contrastada, discusión de resultados e elaboración do informe preliminar e definitivo. Os criterios veñen dados pola normativa vixente como consecuencia da promulgación e desenvolvemento da LODE, LOXSE e LOPAGCE (xa citadas). Entre os instrumentos, destacan aquelas fichas que se refiren á organización por proxectos orientados á atención da diversidade (proxecto educativo de centro, proxectos curriculares de etapa, plan de orientación académica e profe-

sional, plan de acción tutorial, programación xeral anual, plan de normalización lingüística, etc.).

g) Informes e, cando corresponda, autorización de medidas de atención á diversidade previo estudio e análise correspondentes. Inclúense aquí as optativas, as adaptacións curriculares, os programas de diversificación curricular e os agrupamentos específicos na etapa de Educación Secundaria Obligatoria, así como os programas de garantía social cando os houbese.

h) Recollida de información sobre cumprimentos legais no ámbito da normalización lingüística.

i) Supervisión dos plans de orientación académica e profesional e de acción tutorial (modelo de servicios traballando por programas con apoio de especialistas externos).

Trátase, polo tanto, de actividades importantes para a posta en funcionamento, e correspondente mantemento, dos distintos modelos de centro propugnados pola lexislación escolar de cada etapa. Da súa evolución e desenvolvemento procede o tipo de institución escolar que temos hoxe, bastante diferente da daqueles anos, sobre todo no concernente a tramos de ensinanza obrigatoria. Nesta conxuntura, as medidas de atención á diversidade e o tratamento de atención á diversidade adoita entenderse como un conxunto de medidas educativas planificadas co fin de lograr contextos de aprendizaxe que favorezan o pleno desenvolvemento persoal e social dos alumnos.



A crítica, gravado de Karl Schmidt-Rottluff, 1908.
"Supervisión dos plans de orientación [...]".

Hoxe, cremos, a actividade clave para logra-la progresiva mellora das institucións escolares debería se-la avaliación de centros tomando como referencia proxectos e programas (integrando avaliación interna e externa). Sen embargo, os cinco anos transcorridos desde a implantación do Plan ACE (xa citado), non abondaron para convertela nunha tarefa de supervisión habitual, asumida como tal na práctica cotiá de centros e administración educativa.

PROMOCIÓN DE CAMBIOS E EVOLUCIÓN DA FUNCIÓN INSPECTORA

O estudio da provincia de Ourense pon de manifesto que a función ins-

pectora desempeñou neses anos un importante cometido en relación cos tramos do sistema escolar correspondentes á Educación Preescolar e á Ensinanza Obrigatoria. Durante ese tempo, os centros convertéronse en organizacións humanas singulares, cada vez máis complexas e cun nivel de autonomía que foi medrando progresivamente.

O que se produciu foi un proceso de transformación coas lóxicas etapas, cunha determinación que veu dada polos diferentes modelos que se sucederon ó longo do período estudiado. A intervención inspectora no dito proceso explícase pola súa mesma definición como actividade de control que debe garanti-la maior coincidencia posible entre a realidade dos centros e as xa citadas normas legais, vixentes en cada momento (Lei de Ensinanza Primaria de 1965, Regulamentos de 1967, Lei Xeral de Educación de 1970, Lei Orgánica do Estatuto de Centros de 1980, Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica do Dereito á Educación de 1985, Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990 e Lei Orgánica de Programación, Avaliación e Goberno dos Centros Educativos de 1995).

Por outra parte, a medida que as unidades operativas se foron transformando en organizacións educativas con maior nivel de autonomía, as funcións inspectoras experimentaron a correspondente transformación no modo de realizarse.

E isto foi así porque, á vez que as decisións políticas adoptaron uns determinados modelos de institución escolar, a mesma evolución dos centros de ensinanza (respectable número de unidades, plena escolarización nas etapas de educación básica, mellor preparación do profesorado, organización máis complexa e función directiva con maior importancia) requiriu prácticas inspectoras adaptadas no posible ás novas condicións do sistema.

Todo isto é o que explica a evolución das funcións desempeñadas polo Servicio de Inspección, que comentamos brevemente a continuación. Agrupásemolas nas seguintes categorías: control legal, control técnico-pedagógico, colaboración con órganos da Administración en planificación e xestión de recursos, e desenvolvemento profesional dos docentes.

EVOLUCIÓN DA FUNCIÓN DE CONTROL ADMINISTRATIVO-LEGAL

Ó longo do período fóronse intensificando as actividades relacionadas coa información e orientación preventiva, ó tempo que se foron temperando as de pura comprobación directa do cumprimento das normas legais e as correspondentes correccións. Esta última dimensión foi adquirindo un tratamento máis puntual e contextualizado a medida que se desenvolveu o papel dos órganos de responsabilidade de cada Centro (control interno).

Non obstante mantense este aspecto como o plano máis importante

da función, e isto polo carácter centralizado que se conserva nel, influíndo tamén a seguridade que lle proporciona ó axente inspector unha función centrada na comprobación da legalidade vixente, xunto á realización das correspondentes tarefas de corrección e incluso de prevención. Agora ben, a complexidade da actual lexislación e a correspondente dificultade dun procedemento administrativo que vai a máis en esixencia, estallles pedindo un grande esforzo ós inspectores que aspiran a realiza-la súa función coa competencia debida.

EVOLUCIÓN DA FUNCIÓN DE CONTROL TÉCNICO-PEDAGÓXICO (ASESORAMENTO, ORIENTACIÓN E AVALIACIÓN PEDAGÓXICA)

Entre 1967 e 2000 diminuíu a importancia das tarefas inspectoras relacionadas coa comprobación directa do rendemento de alumnos e a preparación do traballo do profesor. Algo parecido sucedeu con aquelas vinculadas á valoración do labor docente (incluíndo felicitacións, votos de grazas e propostas para distincións honoríficas). Subiron enteiros, sen embargo, as tarefas relacionadas coa programación xeral do centro, departamentos e ciclos, así como a análise e valoración contextualizada dos resultados educativos obtidos, e o conseguinte asesoramento orientativo baseado en argumentos pedagóxicos. Agora ben, son actuacións que se basean máis no criterio de cada Inspector que na aplicación sistemática dos principios científicos procedentes da investigación avaliati-

va. Así é que, na nosa opinión, a evolución desta dimensión foi bastante limitada.

En 1996, co Plan de Avaliación de Centros Educativos (ACE), pareceu adquirir importancia a dimensión técnico-pedagóxica do cometido inspector. Incluso as actividades de toma de datos, análise e interpretación destes, e elaboración dos correspondentes informes, puideron servirles como fonte de desenvolvemento profesional ós inspectores. Pero a sobrecarga de actividades máis relacionadas coa xestión de recursos, sempre asociada a urxencias de prazos, a continua participación en comisións e a maior valoración da inevitable dimensión burocrática fronte á parte técnica da función, ademais da escasa importancia dada pola Administración educativa ós informes do Plan ACE, fixeron que a avaliación de centros fose perdendo forza, ata o punto de que no curso 1999-2000 se deixou de realizar.

Do mesmo xeito, a organización da Inspección que tivo lugar en 1993, e que supuxo a creación de equipos de inspectores provinciais e interprovinciais en torno a campos de traballo especializados (orientación e tutoría, lingua galega, Educación Especial, Educación Infantil, Educación de Adultos, ciclos formativos, avaliación de centros, formación de profesores) non contou, salvo en casos como o de orientación e tutoría, co desenvolvemento debido. O que se perdeu foi a oportunidade de configurar unha tarefa inspectora con maior grao de especialización.

EVOLUCIÓN DA FUNCIÓN DE COLABORACIÓN COS CORRESPONDENTES ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN (ESTUDIO DE NECESIDADES E PROPOSTA DE TOMA DE DECISIONS)

Unha vez resolto o problema dos novos colexios de EXB, que requiriu da Inspección unha grande actividade, as tarefas relativas a este cometido centráronse durante uns anos na elaboración de propostas de creación, supresión ou transformación de unidades, sen que a penas se incluísen propostas de supresións, aínda en casos de evidente descenso de alumnado. Poderíase falar, se cabe, dunha certa involución na función, xa que en pleno discurso sobre a futura reforma non se lle asignaron á inspección actividades referidas ó estudo dunha posible rede de centros. Como exemplo baste dicir que os inspectores coñeceron a futura rede elaborada polos servicios centrais en reunión para o efecto, tendo que face-las primeiras alegacións, verbais, na mesma sesión de presentación da rede.

A colaboración con outros órganos da Administración, concretamente coa xestión de persoal docente, adquiriu maior importancia nos últimos anos e ocupou intensamente o inspector en tarefas de estudio sobre postos de traballo que catalogar nos centros, vacantes para profesores en concursos, participación en comisións de adscrición, de acreditación, de habilitación, de valoración de méritos en concursos de traslados, de funcionarios en prácticas, de selección de persoal de todo tipo, licencias por estudos, adxudica-

ción de prazas a profesores provisionais, etc.

A formación do profesorado en exercicio foi obxecto de estudo de necesidades e proposta de cursos a distintos órganos (ICE da Universidade de Santiago de Compostela e a mesma Administración Educativa). A inspección fíxose cargo da dirección de múltiples programas de formación, con tarefas de seguimento e avaliación técnica, así como da coordinación das actividades de perfeccionamento, reciclaxe e especialización do profesorado de Educación Básica. Entre 1983 e 1990 xogouse un papel decisivo na preparación do profesorado en lingua galega. Sen embargo, a comezos dos noventa, a función inspectora en relación coa formación do profesorado entrou en horas baixas. Creáranse e puxéranse en marcha os Centros de Formación Continuada de Profesores en Galicia e a preparación do profesorado en exercicio pasou a ser unha actividade plenamente asumida por estas institucións.

FACTORES CONDICIONANTES DA EVOLUCIÓN DA INSPECCIÓN

Ademais dos cambios habidos nos centros, ós que, como dixemos, contribuíu a función inspectora, convén ter en conta outros feitos presentes na evolución da Inspección educativa. Ante todo, hai que dicir que o esquema organizativo da Inspección educativa entre 1967 e 2000 constituíu un forte condicionante da evolución experi-

mentada por estas funcións no seu plano máis operativo. Polo menos nos seguintes aspectos:

a) A organización da Inspección educativa por treitos do sistema escolar determinou unha intervención inspectora en virtude de cada nivel de ensinanza. En tal sentido, os órganos de dirección e execución da inspección de Infantil e Primaria desempeñaron os seus cometidos á marxe dos de Bacharelato e Formación Profesional, cos que non existiu ningún tipo de coordinación. Esta é aínda a realidade imperante, polo que non son difíciles de inferir as súas repercusións para o modelo supervisor no nivel de ensinanza obrigatoria, pouco unificado e falto de coherencia.

b) As zonas de inspección, liña mestra da estrutura organizativa do servizo, experimentaron unha drástica redución (o número de inspectores baixou un 50%) coa estabilización do número de habitantes e a medida que tivo lugar a transformación de escolas monodocentes en centros-organizacións, ademais da mellora das comunicacións. É posible que tal circunstancia, ó esta-la zona bastante interiorizada por supervisores, mestres e incluso administradores, non favorecese a asunción de novas estruturas organizativas. A ordenación por sectores e unha certa especialización e internivelaridade poderían supoñer unha liña de desenvolvemento profesional de considerable interese.

c) O outro compoñente organizativo, a ordenación por relatorios, en tanto supuxo un conxunto de grupos diferenciados de actividade sometido a cambios frecuentes respecto a número, contido, denominación e titular destes, resultou afectado pola dificultade de especialización e a multiplicidade de lagoas existentes en sectores de grande importancia para a función inspectora. Estes feitos limitaron claramente a posibilidade dunha desexable organización por programas educativos. O escaso desenvolvemento alcanzado polos equipos provinciais e interprovinciais de inspectores dedicados a campos específicos (Educación Infantil, Educación Especial, Educación de Persoas Adultas...) pode que teña aquí a súa explicación.

d) A multiplicidade de entradas e saídas de inspectores no Servizo e a previsión legal de acumulación zonal, a falta de titular, mediante o procedemento equilibrador do tercio zonal para evitar sobrecarga, provocaron unha abundante mobilidade en titulares de zonas e relatorios, co conseguinte efecto para a estabilidade da intervención inspectora.

e) A limitación atribuíble á lexislación sobre a función inspectora en Galicia (Decreto 135 /1993, de 24 de xuño, DOG do 29 de xuño). Como pode verse, o decreto regulador é anterior á LOPEGCE (1995), na que se conteñen importantes cambios para a Inspección de educación, como o acceso por oposición. Pois ben, ó non se regulamenta-lo modo de acceso estase producindo

unha acumulación de inspectores en situación de interinidad, situación pouco concordante coa necesaria profesionalidade da función. Ademais, o anuncio de cambio, reiterado sucesivamente nos últimos anos, tampouco favoreceu a implantación do esquema organizativo previsto no regulamento de 1993 (sectores, internivelaridade e equipos especializados).

Pero é preciso aludir a outros aspectos que tamén influíron na evolución experimentada pola praxe inspectora. Son estes:

a) A diminución de actividades relacionadas coa xestión de recursos, que pasaron ás correspondentes unidades da Delegación Provincial, supuxo unha interesante liberación burocrática, pero implicou, pola contra, unha importante diminución de recursos. Como exemplo, a perda dun espazo adecuado para biblioteca da Inspección, moi útil para a necesaria actualización destes profesionais.

b) A reducida presenza de actividades de formación continuada dos Inspectores. Non foron poucas as veces en que os inspectores chegaron a ter coñecemento de aspectos sobre os que axiña habería de requirírselle-la súa intervención en reunións de traballo, e mercé á información circulante entre os membros do servizo. Así, temas importantes como a atención á diversidade, orientación académica e profesional e manexo das novas tecnoloxías estiveron esperando moito tempo.

c) A abundancia de requirimentos puntuais e urxentes supuxeron un grande impedimento á hora de proceder segundo formatos planificados.

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: FACTOR CLAVE DA SUPERVISIÓN ACTUAL

Xa dixemos que as políticas educativas actuais propician unha ampla autonomía dos centros a fin de que poidan adecua-lo currículo ós seus alumnos mediante os oportunos procesos de concrecións e sucesivas adaptacións. Nestes momentos, o tratamento de atención á diversidade constitúe o desafío fundamental de escolas, colexios e institutos, sobre todo no que ten que ver coa educación obrigatoria.

En consecuencia, respectando os principios dunha ensinanza comprensiva, a función inspectora tratará de que a resposta educativa dos centros se adecue perfectamente ás distintas necesidades, intereses e capacidades dos alumnos (MEC, 1992).

O que convén, polo tanto, é un desenvolvemento profesional da supervisión que, lonxe de atopala súa realización na inevitable diversificación de tarefas nun nivel de pura comprobación, se apoie nunha concepción comprensiva e integradora destas, máis aberta ó pedagóxico e, á vez, orientada ó desenvolvemento do profesorado e do currículo (Glikman e Gordon, 1987). É así como se debe afrontar-lo desafío que supón un adecuado tratamento da diversidade, que,



Mozos, gravado de Emil Nolde, 1908. A supervisión de proxectos educativos e curriculares debe ter preferencia pola Educación Secundaria Obrigatoria.

como di unha recoñecida especialista, require o coñecemento das teorías sobre as diferencias individuais na aprendizaxe, xunto ás esixencias dunha educación de calidade no centro educativo (Wang, 1998).

Nese sentido, e xa o apuntamos, a avaliación de programas educativos sería un pilar fundamental da función inspectora, co valor engadido da súa posible utilidade para o futuro desenvolvemento profesional dos inspectores. Podería ser un modo adecuado de abordar, con perspectiva de futuro, algúns importantes cometidos que, de acordo coa realidade actual —como exemplo baste dicir que en Galicia están escolarizados 1736 alumnos correspondentes a 69 países de nacionalidade non española e 14.495 con

necesidades educativas especiais (Xunta de Galicia, 2000b)— cabe indicar así:

a) Supervisión de proxectos educativos e curriculares, e conseguinte asesoramento, información e orientación ós distintos sectores da comunidade escolar, con atención preferente á Educación Secundaria Obrigatoria.

b) Participación activa na avaliación, atendendo especialmente ó rendemento de centros e servicios educativos, sen esquecerlo desenvolvemento de programas cun contido que teña por obxecto o tratamento da diversidade. Pódese destacar, ó respecto, a avaliación de centros a través do Plan ACE, onde as medidas de atención á diversidade teñen un peso considerable. Programas como “Preescolar na Casa” ou “Lingua de Acollida-Lingua de Orixe (LALO)” poderían ser tamén obxecto de avaliación, o mesmo cás accións con minorías étnicas (ver, sobre estas últimas, VV.AA., 2000).

c) Coordinación dos centros docentes e servicios educativos no seu ámbito de actuación (Departamentos de Orientación Educativa, Centros de Formación e Recursos, profesorado itinerante, Educación de Adultos, centros e aulas de Educación Especial e unidades hospitalarias).

d) Coordinación dos servicios de apoio á diversidade, particularmente dos equipos de orientación específicos.

e) Estudio de necesidades en materia de formación do profesorado

para o adecuado tratamento da diversidade.

f) Colaboración cos distintos órganos da Consellería no estudio de necesidades educativas, procesos de renovación pedagóxica, programas experimentais, e planificación e xestión de recursos educativos para a correcta organización e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade nos centros. Atenderase igualmente á previsión do profesorado que precise ensinanza das distintas áreas.

g) Promoción da innovación e o intercambio de experiencias sobre programas de diversificación curricular, agrupamentos específicos, plans de orientación académica e profesional, programas de ciclo adaptado, lingua para inmigrantes adultos, e outras.

h) Participación en equipos de traballo relacionados co estudio de ámbitos específicos, como poden se-los de orientación e titoría, alumnos con necesidades educativas especiais, Educación Infantil e formación de profesores.

CONCLUSIÓNS

O estudio das actividades inspectoras realizadas entre 1967 e 2000 na provincia de Ourense pon de manifesto a importancia das actuacións levadas a cabo a fin de configura-la presenza do sistema educativo na provincia e conseguí-la plena escolarización do alumnado en centros dotados de auto-

nomía e conscientes da importancia de atende-la diversidade.

Pode afirmarse, polo tanto, que a función inspectora educativa cumpriu un significativo papel na realización dos principais cambios dispostos en cada momento segundo as correspondentes decisións políticas que afectaron á ensinanza obrigatoria na provincia de Ourense. É preciso destaca-las numerosas e importantes actividades de estudo, información e proposta respecto á rede de centros e a súa composición, xunto á coordinación e dirección de cursos de formación de profesores.

Por outra parte, os cambios que teñen lugar no sistema escolar, que complementan a outros acontecidos nos planos social e político, impulsan a evolución da función inspectora e permiten a transformación do seu modo de intervención. Non obstante, segue a manterse como contido principal o control de legalidade e a súa realización, tendo presente a autonomía dos centros e a complexidade normativa, vese afectada por considerables problemas e dificultades.

Pese ás súas melloras, tampouco se pode dicir que o compoñente técnico-pedagóxico da función inspectora teña xa o desenvolvemento que esixe a súa inestimable contribución a unha ensinanza de calidade, baseada tamén nunha adecuada atención e tratamento da diversidade.

Entre os factores presentes na evolución da función destacou a transformación das escolas unitarias en centros-

organizacións cun grao de autonomía cada vez maior, ó lado daqueles máis relacionados cos esquemas de funcionamento propios do órgano inspector, naturalmente dependentes das correspondentes decisións políticas e das demandas da propia Administración.

Fai falta, dito con brevidade, unha inspección centrada na avaliación de programas educativos para contribuír, co adecuado desenvolvemento profesional, ó tratamento educativo da diversidade nos centros de ensinanza.

E rematamos. Necesitamos, en definitiva, acrecenta-lo compromiso cunha función inspectora que se apoie nunha visión comprensiva e pedagóxica do seu cometido. Se non é así corrémo-lo risco de proxectar unha inspección meramente nominativa pero alicerzada nas súas enormes posibilidades de converterse, definitivamente, en axencia de calidade dentro do sistema. E isto, non outra cosa, é o que esixe unha sociedade civil aberta, plural e participativa.

BIBLIOGRAFÍA

Arroyo del Castillo, V., "Evolución histórica de la Inspección de Enseñanza Primaria", en CEDODEP, *Organización y Supervisión de Escuelas*, CEDODEP, Madrid, 1966, pp. 211-230.

Crespo Liñares, J. R., *La supervisión educativa en la Unión Europea*, Madrid, UNED (tese doutoral), 1996.

- Fermín, M., *Tecnología de la supervisión docente*, Buenos Aires, Kapelusz, 1980.
- García Garrido, J. L., *Sistemas educativos de hoy*, Madrid, Dykinson, 1993.
- "La inspección educativa en el ámbito de la Unión Europea", en *Actas del Simposio Internacional de Inspección Educativa*, Madrid, MEC, (en prensa) 2001.
- Glikman, C. D., e S. P. Gordon, "Clarifying Developmental Supervision", *Educational Leadership*, 44, 8, 1987, pp. 64-70.
- Gómez Dacal, G., et al., *Técnicas y Procedimientos de Inspección Educativa*, Madrid, Escuela Española, 1993.
- Graña, V. (ed), *Manual legislativo do ensino básico*, A Coruña, edición do autor, 1998.
- Lemus, A., *Administración, dirección y supervisión de escuelas*, Buenos Aires, Kapelusz, 1975.
- Lorenzo Delgado, M., "Liderazgo y participación en los centros educativos", en *V Congreso Interuniversitario de Organización de Instituciones Educativas*, Madrid, Universidad Complutense y Universidad Nacional de Educación a Distancia, 1998, pp. 155-167.
- Maíllo García, A., *Historia crítica de la Inspección escolar en España*, Madrid, edición de A. Maíllo, 1989.
- Martín Rodríguez, E., *Supervisión Educativa*, Madrid, Cuadernos de la UNED, 1988.
- MEC, *Primaria. Guía General*, Madrid, MEC, 1992.
- Medina Rubio, R., "Administración educativa e inspección", en *Actas Simposium Europeo sobre Inspección Educativa*, Madrid, USITE, 1986, pp. 43-53.
- Nerici, I. G., *Introducción a la supervisión escolar*, Buenos Aires, Kapelusz, 1975.
- Ocampo, C., *La función inspectora en el sistema educativo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (tese doutoral), 1995.
- "Inspección educativa y el tratamiento de atención a la diversidad", en *Actas del Simposio Internacional de Inspección Educativa*, Madrid, MEC, (en prensa) 2000.
- Orden, A. de la, "La función de la inspección técnica en el contexto de la gestión del sistema educativo", en VV.AA., *La supervisión de la educación básica en Iberoamérica*, Madrid, OEI, 1986, pp. 31-36.
- Puelles Benítez, M., *Política y Administración Educativas*, Madrid, UNED, 1987.
- Santos Rego, M. A. (ed.), "Accountability: Contextualización del modelo de competencias en educación", *Revista de Ciencias de la Educación*, 128, 1986, pp. 415-432.

- *Teoría y Práctica de la Educación Intercultural*, Santiago de Compostela, Universidade-PPU, 1994.
- Sobrado, L., e C. Ocampo, *Evaluación Psicopedagógica y Orientación Educativa*, Barcelona, Estel (3ª ed.), 2000.
- Soler Fierrez, E., *La visita de inspección*, Madrid, La Muralla, 1991.
- "Perspectiva sociológica de la Supervisión escolar", *Bordón*, 45, 1, 1993, pp. 77-87.
- Tanner, D., e L. W. Tanner, *Supervisión in Education: Problem & Practices*, New York, Macmillan, 1987.
- VV.AA., "La atención a la diversidad. La escuela intercultural", *XI Encuentros de Consejos Escolares Autonómicos y del Estado* (polico-piado), Pamplona, 2000.
- Wang, M., *Atención a la diversidad del alumnado*, Madrid, Narcea, 1998.
- Wiles, K., *Técnicas de Supervisión para mejores escuelas*, México, Trillas, 1967.
- Xunta de Galicia, *Planificación da rede de Centros públicos de ensino de Galicia. Documento Cero*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994a.
- *Planificación da rede de centros públicos de Galicia. Documento Cero. Apéndices*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994b.
- *Plan de Avaliación de Centros. ACE*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1996a.
- *Proxecto de rede de centros de ensino público de Galicia* (8 vols.), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996b.
- *Datos da ensinanza non universitaria en Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, 2000a.
- *Atención á diversidade. A Escola Intercultural*, Santiago de Compostela, Consello Escolar de Galicia, 2000b.



OCAMPO GÓMEZ, Camilo e SANTOS REGO, Miguel Anxo: "Función inspectora, plena escolarización e tratamento da atención á diversidade no sistema educativo", *Revista Galega do Ensino*, Xunta de Galicia, núm. 34, febreiro, 2002, pp. 167-189.

Resumo: O propósito deste artigo é o de comunicar algúns resultados dunha investigación realizada na provincia de Ourense en torno á relación entre función inspectora en educación, transformación do sistema educativo e tratamento pedagóxico da diversidade (1967-2000). Desde ese eixo relacional trazamos liñas de futuro para o exercicio da devandita función nun sistema onde se está a demandar maior calidade nos procesos e nos resultados. Defendemos unha inspección centrada

na avaliación de programas educativos para contribuír, co axeitado desenvolvemento profesional, ó tratamento educativo da diversidade nos centros de ensino.

Palabras chave: Función inspectora en educación. Educación e diversidade. Avaliación de programas educativos. Calidade na educación.

Resumen: El propósito de este artículo es comunicar algunos resultados de una investigación realizada en la provincia de Ourense en torno a la relación entre función inspectora en educación, transformación del sistema educativo y tratamiento pedagógico de la diversidad (1967-2000). Desde ese eje relacional trazamos líneas de futuro para el ejercicio de la susodicha función en un sistema en el que se está demandando mayor calidad en cuanto a los procesos y los resultados. Defendemos una inspección centrada en la evaluación de programas educativos para contribuir, con el adecuado desarrollo profesional, al tratamiento educativo de la diversidad en los centros de enseñanza.

Palabras clave: Función inspectora en educación. Educación y diversidad. Evaluación de programas educativos. Calidad en la educación.

Summary: The aim of this essay is to announce the results of the research carried out in the province of Ourense on the relation between the function of inspection in teaching, transformation of the teaching system and pedagogic treatment of diversity (1967-2000). Taking this relation as a starting point, we devise future lines of action to work on the above-mentioned function within a system which is at present asking for a higher quality in relation to proceedings and results. An inspection centred on the evaluation of teaching programmes is here supported so that this can contribute, with the right professional development, to the teaching treatment of diversity at schools.

Key-words: Function of inspection in teaching. Education and diversity. Evaluation of teaching programmes. Teaching quality.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 9-10-2001.

